



## Fichas divulgativas pagamentos directos

## FICHA 2g / DP

## Acceso a dereitos da reserva nacional

### NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común (título III, capítulo 1, sección 3, artigos 30 e 31).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.
- **Real decreto 1076/2014** sobre **asignación de dereitos** de réxime de pagamento básico da política agrícola común (capítulo III).

### NORMAS XERAIS

Cada Estado membro constituirá unha reserva nacional ou reservas rexionais. Para tal fin, os Estados membros efectuarán, no primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento básico, unha redución porcentual lineal do límite máximo do réxime de pagamento básico a nivel nacional ou rexional. Esta redución non será superior ao 3 %.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 30)**

### DEFINICIÓNS

**Agricultores mozos:** entenderase por agricultores mozos as persoas físicas:

- Que se instalen por primeira vez nunha explotación agraria como xefes de explotación, ou que xa se instalasen nesa explotación nos cinco anos anteriores á primeira presentación dunha solicitude ao abeiro do réxime de pagamento básico e
- Que non teñan máis de 40 anos de idade no ano en que presenten a solicitude mencionada na letra a).

**Agricultores que comecen a súa actividade agrícola:** calquera persoa física ou xurídica que nos cinco anos anteriores ao comezo da nova actividade agrícola non desenvolveu ningunha actividade agrícola pola súa propia conta e risco nin exerceu o control dunha persoa xurídica dedicada a unha actividade agrícola. No caso dunha persoa xurídica, a persoa ou persoas físicas que exerzan o control da persoa xurídica non deben ter desenvolvido ningunha actividade agrícola pola súa propia conta e risco nin ter exercido o control dunha persoa xurídica dedicada a unha actividade agrícola nos cinco anos anteriores ao comezo da actividade agrícola da persoa xurídica.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 30.11 e art. 50.2)**

### REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER Á RESERVA

Obrigatorio	X	Si	Non	Obs.:
Agricultor activo	X	Si	Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013		Si	X Non	Obs.:
Solicitar pagamento base	X	Si	Non	Obs.:

**Observacións:**



### CARACTERÍSTICAS

#### a) Criterios de asignación

1. Deberán presentar solicitude á reserva nacional de pagamento básico
2. Deberán ser agricultores activos
3. Dispor de hectáreas admisibles para o pagamento básico
4. A superficie debe estar en posesión do solicitante cando presenta a solicitude
5. Criterios:
  - a. Agricultores lexitimados por sentenza xudicial
  - b. Agricultores mozos:
    - i. Idade igual ou menor de 40 anos
    - ii. Con axuda de primeira instalación aprobada ou instalados como agricultores profesionais nunha explotación prioritaria
    - iii. Instalados nos 5 anos anteriores nalgún dos sectores incorporados ao réxime do pagamento único en 2013. Considérase como data de primeira instalación a da alta na Seguridade Social
    - iv. Persoas xurídicas: o/a mozo/a debe ter control efectivo (participación no capital social igual ou maior ao socio que máis teña e ademais ten que formar parte do órgano de goberno).
  - c. Agricultores que inician a actividade agraria:
    - i. Instalados en explotación prioritaria, 2 anos antes ou con asignación
    - ii. Inicio de actividade: alta na Seguridade Social
  - d. Agricultores sen asignación inicial por causas de forza maior
6. En 2015 deberán solicitar a reserva nacional de DPB os produtores con asignación de dereitos de pagamento único da reserva nacional en 2014 e os agricultores que non puideron solicitala en 2013 por causas de forza maior.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos** (art. 30, puntos 4, 5, 6, 7 e 9)  
**Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos** (art. 24 e 25)

#### b) Valor dos dereitos asignados

Agricultores/as mozos/as ou agricultores/as que inician a actividade agraria:

Asignarase o valor medio rexional dos dereitos do ano de asignación.

Se xa ten dereitos: asignarase ás hectáreas sen dereitos e, de ser o caso, incrementarase o valor dos dereitos existentes ata o valor medio rexional.

No caso de incorporación a unha persoa xurídica, a asignación axustarase á participación do/da agricultor/a mozo/a.

Asignación por forza maior: calcúlase como asignación inicial.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos** (art. 30, puntos 8 e 10)

#### c) Orixe dos importes/dereitos da reserva nacional ou das rexionais

A reserva alimentarase cos importes resultantes:

1. Da retirada de dereitos: DPB que non impliquen pagamentos durante dous anos consecutivos por non ser agricultor activo, non reunir os requisitos mínimos para recibir pagamentos (segundo o art. 10.1 do R(UE) 1307/2013) ou pola creación de condicións artificiais.
2. Dos dereitos non activados en dous anos, agás causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.
3. Dos dereitos cedidos á reserva voluntariamente polos agricultores.
4. Da transferencia de dereitos de pagamento (peaxes).
5. Dos importes obtidos pola aplicación de beneficio inesperado.

**Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos** (art. 31.1)  
**Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos** (art. 23)